

AER demanda melloras complementarias na senda do Maceiras



No pleno do 2 de setembro de 2015, AER fixo un rogo para que se proporcionase a posibilidade de que, durante o rebrandexamento e nos seguimentos das obras, se convidase a membros de AER e das demais forzas políticas a asistir, para coñecer as actuacións concretas con tempo suficiente e así poder avaliar o seu impacto e idoneidade, así como ofrecer as alternativas viábeis oportunas.

A día de hoxe, o goberno local non se puxo en contacto con AER para que puidese acompañar nestas visitas de seguimento que o goberno debería realizar antes do remate das obras, para ratificar e comprobar a execución segundo o proxecto e para evitar erros ou detectar melloras necesarias antes do peche definitivo da execución. Por este motivo, o sábado 2 de xaneiro, a Agrupación de Electores de Redondela, unha vez informada pola veciñanza de que as obras da senda do Maceiras se atopaban en estado de execución avanzado, procedeu a realizar unha visita á zona para comprobar o estado das mesmas.

Nesta visita observáronse diversas deficiencias, así como posibles melloras que dende AER se expuxeron e notificaron ao goberno local mediante rexistro, esperando que este asuma a súa responsabilidade de control das obras e teña estas consideracións en conta:

- Obsérvanse zonas por fóra dos “bordillos” da senda que presentan restos de pedras das obras, que deberán ser retiradas e como mínimo deberase aplicar capa de terra vexetal para deixar esa superficie debidamente acondicionada.
- Obsérvanse moitos tramos da beira do río sen arborado. Por ese motivo propónse realizar unha plantación complementaria con especies arbóreas de ribeira, tales como ameneiros. Unha posibilidade é que a Concellería de Medio Ambiente realizase en febreiro-marzo un “Día da Árbore” como actividade participativa e didáctica e así favorecer a participación da veciñanza nunha xornada de plantación.
- As entradas dos tubos de desaugadoiro instalados que deben recoller as augas de escorrentía natural atópanse sen protección algunha, polo que existe o risco de que as terras cubran e entullen as tubaxes. Propónse que se empreguen cachotes de pedra do país para acondicionar as entradas das tubaxes e consolidar o terreo neses puntos.
- Obsérvase a presenza de especies alóctonas que non se eliminaron, como bambú ou outras máis propias de xardinería instaladas na zona. Propónse eliminalas, tal como vén especificado nos proxectos da construción da senda.

- Os pontillóns foron realizados en pedra granito gris, cando ao noso parecer deberían terse realizado en pedra país. Destaca o caso dun pontillón que tiña 2 lousas antigas en pedra país e que se complementaron insensiblemente con pezas de granito gris. Proponse estudar coa empresa a posibilidade do troco destas pezas de granito gris por pezas de pedra país.
- Obsérvanse diversos sendeiros tradicionais que poderían conectar a senda do Maceiras coa estrada N-555 a diferentes alturas (Tau Cerámica, Rabadeira,...). Proponse realizar actuacións de acondicionamento destes tramos para facilitar en diversos puntos da senda do Maceiras a interconexión coas zonas habitadas en torno á estrada N-555.
- Tamén se observan varias irregularidades respecto da ocupación da zona de tránsito e descoñecemos se vai haber algunha intervención para restituír a legalidade.

Redondela, a 4 de xaneiro de 2016

Para máis información,

Agrupación de Electores de Redondela (AER)

Domicilio: **Rúa Pai Crespo 15-Baixo, 36800 – Redondela.**

Tlfo: **647126712**

mail: **info@aeredondela.com**